

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000010



**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN 10/2022 ORDINARIA
CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL
O DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2022**

FIRMADO POR Miguel Piñeiro Souto (FECHA: 24/11/2022 14:16:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 24/11/2022 14:17:00)

Versión imprimible

CVD: gF1yM9E72PHj+gHGvZmI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- 1.- Acta da sesión anterior (26/09/2022). Aprobación.**
- 2.- Plan especial de reforma interior n.º 2 - PERI-2 Casas dos Mestres. Aprobación definitiva. (CIPUM do 25/10/2022)**
- 3.- Delegación competencia plenaria de rectificación do inventario na alcaldía. (CIFECRIC do 25/10/2022)**
- 4.- Adhesión a la Red Española de Ciudades Saludables (RECS). Aprobación. (CIBPS do 25/10/2022)**
- 5.- Contrato administrativo de “Servizo de limpeza viaria e servizos conexos” (SER 28/2022). Aprobación da proposta de estrutura de custos da actividade. (CIFECRIC do 25/10/2022)**
- 6.- Anexo de expropiacións do proxecto construtivo “Mellora hidráulica do río Anllóns ao seu paso polo enlace AG-55 e AC-552 na rúa Cepeira en Sísamo, Carballo A Coruña. Aprobación. (CIFECRIC do 25/10/2022)**
- 7.- Bonificación da cota do ICIO, IBIU e IAE por fomento de emprego. Construción de nave industrial na rúa Granito, parcela C4 do parque Empresarial de Bértoa. Concesión. (CIFECRIC do 25/10/2022)**
- 8.- Bonificación da cota do ICIO, IBIU e IAE por fomento de emprego. Acondicionamento dun local na rúa Rosalía de Castro n.º 10. Concesión. (CIFECRIC do 25/10/2022)**
- 9.- Compatibilidade solicitada polo profesor do Conservatorio Profesional de Música de Carballo, ensinanza de harmonía, análise, fundamentos da composición e gaita. Informe favorable. (CIFECRIC do 25/10/2022)**
- 10.- Compatibilidade solicitada pola profesora do Conservatorio Profesional de Música de Carballo, ensinanza de percusión. Informe favorable. (CIFECRIC do 25/10/2022)**
- 11.- Compatibilidade solicitada polo profesor do Conservatorio Profesional de Música de Carballo, ensinanza de trombón. Informe favorable. (CIFECRIC do 25/10/2022)**
- 12.- Compatibilidade solicitada polo profesor do Conservatorio Profesional de Música de Carballo, ensinanza de clarinete. Autorización. (CIFECRIC do 25/10/2022)**
- 13.- Moción do grupo municipal do PsdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 20229000006097 do 13 de outubro, sobre gravames de carácter temporal a entidades bancarias e enerxéticas. Aprobación. (CIFECRIC do 25/10/2022)**
- 14.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 20229000006052 do 11 de outubro, para a adaptación de pasos de peóns para persoas con trastorno do espectro autista. Aprobación. (CIBPS do 25/10/2022)**
- 15.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada 202299900004389 de 19 de outubro, en relación á ocupación de vivendas (CIBPS do 25/10/2022)**
- 16.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada 202299900004390 de 19 de outubro, contra o veto da Unión Europea á pesca de fondo. Aprobación. (CIBPS do 25/10/2022)**
- 17.- Seguimento de órganos de goberno:**
 - 17.1.- Comparecencia presentada pola representante das traballadoras dos centros do Consorcio que desenvolven o seu labor no concello de Carballo, solicitada con rexistro de entrada n.º 202299900004300 do 13 de outubro.
 - 17.2.- Resolucións da Alcaldía
 - 17.3.- Acordos da Xunta de Goberno Local
 - 17.4.- Rogos e Preguntas

BORRADOR DA ACTA Nº 10/2022 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL O DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2022

Na Casa Consistorial o trinta e un de outubro de dous mil vinte e dous (31/10/2022) sendo as vinte horas e trinta e un minutos (20:31 h.), reúnense os membros do Pleno, no salón de plenos do Concello de Carballo, en primeira convocatoria, para celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde EVENCIO FERRERO RODRIGUEZ, coa asistencia dos Concelleiros seguintes:

- Polo Grupo Político Municipal do BNG (ademais do Sr. Alcalde):
 - María Belén Lendoiro Esmorís
 - Milagros Lantes Seara
 - Juan Manuel Seoane Collazo
 - Marcos José Trigo Facal
 - Xosé Regueira Varela
 - María del Carmen Ures García
 - Maruxa Suárez Cotelo
 - M^a Mar Eirís Villar
 - Iván Andrade Tasende
 - Miguel Ángel Vales Mallo
 - Luis María Lamas Álvarez
-
- Polo Grupo Político Municipal do PP:
 - Rubén Lorenzo Gómez
 - Paula Nogueira Costa
 - María Beatriz Neira Varela
-
- Polo Grupo Político Municipal do PSdG-PSOE:
 - María Carmen Vila Blanco
 - Valentín Costa Trillo
 - César Fernando Varela Novo
-
- Polo Grupo Político Municipal de TEGA:
 - José Bello Pallas
 - Andrés Eirís Barca

Ausente con excusa:

- José Antonio Domínguez Pallas do PP

Asiste pola Intervención a Interventora municipal, Irache Enriquez Albaina, e pola Secretaría o Secretario do concello Miguel Piñeiro Souto, que actúa como secretario e dá fe do acto.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (26/09/2022). APROBACIÓN.

O Pleno municipal, con dezaoito (**18**) votos a favor dos representantes do grupo municipal do BNG (12), María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (3), Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PSdG-PSOE (3) María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e dúas (**2**) abstencións dos representantes do grupo municipal de TEGA, José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda aprobar a acta da sesión celebrada o día 26 de setembro de 2022, que foi repartida coa convocatoria.

Andrés Eirís Barca (TEGA) toma a palabra para reclamar unha videoacta porque as respostas a preguntas non son as que entenden

O sr alcalde responde que é un resume sucinto.

2.- PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR N.º 2 - PERI-2 CASAS DOS MESTRES. APROBACIÓN DEFINITIVA. (CIPUM DO 25/10/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade (CIPUM) de 25 de outubro de 2022, punto 2 da orde do día, relativo á proposta da concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación do 20/10/2022, contida no expediente 2021/U035/000001, cuxa parte expositiva se transcribe:

ASUNTO: Plan especial de reforma interior N° 2 - *PERI-2 Casas dos Mestres*. Aprobación definitiva.
EXPTE. 2021/U035/000001
PROMOTOR: Concello de Carballo
REX. ENTRADA: 202299900004370 de 18/10/2022
REDACTORES: Beatriz Aneiros Filgueira (arq. col. 2137 COAG) e Álvaro Fernández Carballeda (arq. col. 1047 COAG) como integrantes da sociedade *Fernandez Carballeda y asociados S.L.P.*

O Plan especial de reforma interior N° 2 *Casas dos Mestres* foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local que tivo lugar o 28/03/2022, segundo a documentación técnica redactada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (colexiada n° 2137 COAG) e Álvaro Fernández Carballeda (colexiado n° 1047 COAG), presentada neste concello en data 17/02/2022 e emendada en data 16/03/2022.

Trátase dun plan especial previsto nas determinacións do PXOM vixente e ten como obxectivo o de reorganizar a volumetría edificatoria e de reordenar a estrutura urbanística do ámbito, mudando o uso global que pasa de residencial a dotacional de equipamento múltiple.

O expediente foi tramitado segundo o disposto nos artigos 75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 186 do Regulamento que desenvolve esta lei (Decreto 143/2016, do 22 de setembro): someteuse a información pública e recabáronse os informes sectoriais preceptivos.

O equipo redactor presentou en data 18/10/2022, núm. de rexistro de entrada 202299900004370, o documento do plan especial para aprobación definitiva, que foi examinado polos servizos técnicos e xurídicos municipais en data 19/10/2022 e emitiron o seu informe en relación á integridade documental do expediente, ás actuacións administrativas realizadas, á calidade técnica da ordenación proxectada e á conformidade do plan coa lexislación vixente.

Andrés Eirís Barca (TEGA) toma a palabra para sinalar que están de acordo pois xa o levaban no programa electoral no 2019... o único que non se fixera antes.

María Carmen Vila Blanco (PSOE) afirma que votarán a favor que tamén estaba no seu programa electoral.

Rubén Lorenzo Gómez (PP) sinala que mudarán o voto da comisión de abstención por voto a favor, pero que votan en falta maior celeridade ao ser unha actuación moi demandada polas asociacións e hai edificios con problemas de vandalismo, ocupacións...

Milagros Lantes Seara (BNG) agradece o apoio e sorpréndese de que se critique a falta de celeridade xa que o que faltaban eran os informes da Xunta.

O alcalde sinala que a semana que chegou o informe da Xunta foi informado polos técnicos do Concello...

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (**20**), polo grupo municipal do BNG (12), María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas

Exp. 2022/G010/000010

Álvarez; polo grupo municipal do PP (3), Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PSdG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o Plan especial de reforma interior nº 2 *PERI-2 Casas dos Mestres*, previsto no PXOM para reorganizar a volumetría edificatoria deste ámbito, segundo a documentación técnica redactada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (colexiada nº 2137 COAG) e Álvaro Fernández Carballada (colexiado nº 1047 COAG), presentada o 18/10/2022 (R.E. 202299900004370).

Segundo.- Publicar o acordo de aprobación definitiva, no prazo de un mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro.- Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV), e remitirle un exemplar do plan especial debidamente dilixenciado, aos efectos da súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Cuarto.- Notificar individualmente a aprobación definitiva á persoa titular catastral dos terreos afectados que non son de titularidade municipal:

Ref. catastral 5453502NH2855S - UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA.

3.- DELEGACIÓN COMPETENCIA PLENARIA DE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO NA ALCALDÍA. (CIFECRIC DO 25/10/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa ordinaria de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación (CIFECRIC) de 25 de outubro de 2022, punto 2 da orde do día, relativo á proposta do Sr. Alcalde de 19/10/2022 contida no expediente 2019/X999/000916.

Andrés Eirís Barca (TEGA) toma a palabra para sinalar que tras as explicacións do secretario vanse abster en lugar de votar en contra.

María Carmen Vila Blanco (PSOE) afirma que é lóxico que se faga por resolución e votarán a favor.

Rubén Lorenzo Gómez (PP) sinala que se van abster.

O alcalde sinala que é unha cuestión que emana de Secretaría, que entende que é máis garante.

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal con quince (**15**) votos a favor, dos representantes do grupo municipal do BNG (12), María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelos, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez, e dos representantes do PSdeG-PSOE (3) María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e cinco (**5**) abstencións, dos representantes dos grupos municipais do PP (3), Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela, e do grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

PRIMEIRO. Delegar o exercicio da competencia de rectificación e comprobación do inventario de bens do Pleno no Alcalde, axustándose ao previsto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

SEGUNDO. Publicar o acordo de delegación no Boletín Oficial da Provincia, cursando efecto a partir do día seguinte ao da súa adopción.

TERCEIRO. Dar conta anualmente no Pleno da Corporación da relación de bens e dereitos inventariados.

4.- ADHESIÓN A LA RED ESPAÑOLA DE CIUDADES SALUDABLES (RECS). APROBACIÓN. (CIBPS DO 25/10/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social (CIBPS) do 25/10/2022, punto 2 da orde do día, relativo á proposta do Alcalde de 19/10/2022.

Iván Andrade Tasende(BNG) xustifica a tramitación na posibilidade de optar a fondos europeos en relación a distintas actividades: creación de espazos, actividade física ao aire libre, zonas peonís, circuitos saudables...conclúe que é unha boa oportunidade

Andrés Eirís Barca (TEGA) sinala que votará a favor pero critica certas actuacións realizadas non saudables, onde se prefire o cemento a espazos verdes.

María Carmen Vila Blanco (PSOE) afirma que votarán a favor.

Rubén Lorenzo Gómez (PP) sinala que votarán a favor.

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (**20**), polo grupo municipal do BNG (12), María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^{ra} Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (3), Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PsdG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello de Carballo (A Coruña) á Rede Española de Cidades Saudables e de cumprir os fins estatutarios e, en consecuencia, comprométese a:

- Ter elaborada unha análise de situación e un plan de saúde para a cidade ou o compromiso de elaboralo.
- Cumplir coas obrigas e exercer os dereitos establecidos nos artigos 8, 14 e 15 das Normas de Funcionamento e Organización da Rede Española de Cidades Saudables e, especialmente, a de aboar á FEMP a cota de socio titular da Rede que cada ano corresponda a esta Entidade Local, en función do número dos seus habitantes, e que no presente exercicio ascende a mil euros (1.000,00 €).

Segundo.- Realizar todos os trámites oportunos para que a adhesión do Concello de Carballo (A Coruña) á Rede Española de Cidades Saudables sexa efectiva.

Terceiro.- Designar como representante político a Iván Andrade Tasende concelleiro delegado da área de Formación, Innovación e Emprego, e como representante técnico, Alfredo Garrote Pazos, arquitecto do Concello de Carballo.

5.- CONTRATO ADMINISTRATIVO DE “SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA E SERVIZOS CONEXOS” (SER 28/2022). APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ESTRUCTURA DE CUSTOS DA ACTIVIDADE. (CIFECRIC DO 25/10/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa ordinaria de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación (CIFECRIC) de 25/10/2022, punto 3 da orde do día, relativo á proposta

da Concelleira Delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación do 13/10/2022, contida no expediente 2022/C004/000005.

Andrés Eirís Barca (TEGA) toma a palabra para sinalar que se van abster.

María Carmen Vila Blanco (PSOE) afirma que se van abster ao ser unha cuestión técnica.

Rubén Lorenzo Gómez (PP) sinala que é un trámite preciso e están de acordo en que se siga apostando por estas entidades no servizo de limpeza.

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal con quince (**15**) votos a favor, dos representantes do grupo municipal do BNG (12), María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez e dos representantes do grupo municipal do PP (3), Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela cinco e cinco (**5**) abstencións, dos representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE (3) María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo e TEGA (2) José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

Primeiro.- Aprobar a proposta de estrutura de custos da actividade do servizo denominado "Limpeza viaria e servizos conexos do Concello de Carballo" (SER 28/2022) elaborada con data 07/10/2022 pola consultora Lagares Oca SL, e presentada no Rexistro electrónico do Concello de Carballo en data 10/10/2022 (R.E. núm. 202299900004230).

Segundo.- Someter a proposta de estrutura de custos da actividade a un trámite de información pública por un prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio en el tablón edictal del órgano y anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia da Coruña, e na Plataforma de Contratación do Sector Público. No caso de que se presenten alegacións no devandito trámite, o órgano de contratación deberá valorar a súa aceptación ou rexeitamento de forma motivada na memoria.

Terceiro.- Remitir a proposta de estrutura de custos a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia.

6.- ANEXO DE EXPROPIACIÓN DO PROXECTO CONSTRUTIVO "MELLORA HIDRÁULICA DO RÍO ANLLÓNS AO SEU PASO POLO ENLACE AG-55 E AC-552 NA RÚA CEPEIRA EN SÍSAMO, CARBALLO A CORUÑA. APROBACIÓN. (CIFECRIC DO 25/10/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa ordinaria de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación (CIFECRIC) de 25/10/2022, punto 4 da orde do día, relativo á proposta da Concelleira Delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación do 19/10/2022, contida no expediente 2021/U040/000001, cúa parte expositiva se transcribe:

ASUNTO:	Anexo de expropiacións do proxecto construtivo <i>Mellora hidráulica do río Anllóns ao seu paso polo enlace AG-55 e AC-552 na rúa Cepeira (Sísamo), Carballo. Aprobación.</i>
EXPTE.	2021/U040/000001
PROMOTOR:	Concello de Carballo
REX. ENTRADA:	202299900004340 de data 17/10/2022
REDACTOR:	Beatriz Blanco Lois (enxeñeira técnica agrícola colexiado nº 1909) como integrante da entidade <i>ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.</i>

Exp. 2022/G010/000010

Visto o anexo de expropiacións para a obtención dos terreos que se consideran necesarios para a execución da obra hidráulica prevista no proxecto construtivo “*Mellora hidráulica no río Anllóns ao seu paso polo enlace AG-55 e AC-552 na rúa Cepeira (Sísamo), Carballo*” aprobado por Augas de Galicia o 27 de xuño de 2022; segundo o documento presentado en data 17/10/2022, núm. de rexistro de entrada 202299900004340, redactado pola entidade Estudio Técnico Gallego S.A. e asinado pola enxeñeira técnica agrícola Beatriz Blanco Lois (nº colexiado 1909).

Resultando que esta actuación está dentro do convenio de colaboración entre o Concello de Carballo e o ente público Augas de Galicia asinado o 15/01/2021, para poñer a disposición de Augas de Galicia os terreos necesarios para a dita obra.

Considerando que de conformidade co disposto nos artigos 28 e 29, e disposición adicional oitava, da Lei 9/2010 de Augas de Galicia, a aprobación do proxecto da obra hidráulica levará implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos, aos fins de expropiación forzosa.

Andrés Eirís Barca (TEGA) adianta o sentido favorable do seu voto.

María Carmen Vila Blanco (PSOE) afirma que se van abster, entende que é unha cuestión técnica.

Rubén Lorenzo Gómez (PP) sinala que está a favor da obra de Augas de Galicia e continua criticando que se fale de abandono da Xunta e o ataquen como voceiro.

O alcalde sinala que ten que oír que os orzamentos da Xunta son beneficiosos para Carballo...e ten que defender os intereses do Concello...Respecto a Augas de Galicia son fondos europeos destinados a resolver problemas de inundacións xa que este é un punto negro.

María Carmen Vila Blanco (PSOE) critica que o concelleiro popular, como parlamentario do PP, poida defender o que a Xunta destina a este concello...engade que os terreos que o Concello pon á disposición se paguen cos fondos municipais...engade que igual non viña ao caso falar disto no Pleno pero xa que se saca o tema... Dá conta doutras actuacións do Concello en que cede terreos á Xunta. Rubén Lorenzo Gómez (PP) solicita que conste en acta que valora a relación do Concello coa Administración autonómica... Critica que se faga oposición a outro grupo da oposición...

Xosé Regueira Varela (BNG) insiste en que é o concelleiro popular o que trae este debate ao Pleno...que xa anteriormente dicía que o Concello era lento na súa tramitación do PERI cando leva esperando meses polo informe da Xunta. Deseguido solicita que se comparen os investimentos da Xunta en Coristanco ou A Laracha con Carballo, cando non suman a poboación deste último... Afirma que como se dixo no Parlamento “hai que apartarse dos coches”..e que se sacan debates...Conclúe que veu cunha conselleira de xeito clandestino a Carballo.

María Carmen Vila Blanco (PSOE) afirma que o honra defender o seu partido pero non o debería facer cando é en detrimento dos seus veciños.

Rubén Lorenzo Gómez (PP) manifesta que sente que molesten as fotos que faga como concelleiro e que non o avise o gabinete de prensa da Xunta...Refírese a actuacións do pasado e sinala que daquela nin estaba en política.

Visto o informe dos servizos técnicos municipais de data 19/10/2022, sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal con dezasete (**17**) votos a favor, dos representantes do grupo municipal do BNG (12), María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Coteló, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez, dos representantes do grupo municipal do PP (3), Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela e e do grupo TEGA (2) José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, e tres (**3**)

abstencións, dos representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE (3) María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, acorda:

Primeiro.- Aprobar o anexo de expropiacións para a obtención dos terreos que se consideran necesarios para a execución da obra hidráulica prevista no proxecto construtivo aprobado por Augas de Galicia o 27 de xuño de 2022 "MELLORA HIDRÁULICA DO RÍO ANLLÓNS AO SEU PASO POLO ENLACE AG-55 E AC-552 NA RÚA CEPEIRA (SÍSAMO), CARBALLO (A CORUÑA)", segundo o documento redactado pola entidade Estudio Técnico Gallego S.A. e asinado pola enxeñeira técnica agrícola Beatriz Blanco Lois (nº Colexiado 1909).

Segundo.- Ter por declarada a utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra hidráulica prevista no proxecto "MELLORA HIDRÁULICA DO RÍO ANLLÓNS AO SEU PASO POLO ENLACE AG-55 E AC-552 NA RÚA CEPEIRA (SÍSAMO), CARBALLO (A CORUÑA)", formulada como unha actuación prioritaria fronte ás inundacións e, de xeito específico, aumentar a capacidade de desaugue na zona de a ponte de enlace da autovía AG-55 e a estrada AC-552 creando unha canle que actúa como by-pass en época de avenidas protexendo a vila de Carballo fronte as inundacións, de conformidade co disposto nos artigos 28 e 29, e na disposición adicional oitava, da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Aguas de Galicia.

Terceiro.- Iniciar os trámites do expediente expropiatorio para a obtención dos bens e dereitos afectados, polo procedemento de urxencia previsto no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa.

Cuarto.- Someter á información pública o proxecto da obra e o anexo de expropiacións por prazo de 20 días, mediante a publicación de anuncios, no taboleiro municipal, no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e en dous diarios da provincia, para que aquelas persoas que puideran resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, co fin de rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación, como máis conveniente ao fin que se persigue.

Quinto.- Formular a seguinte relación de bens e dereitos afectados que figura no anexo de expropiacións indicado.

RELACIÓN BENS E DEREITOS AFECTADOS									
Nº FINCA	TITULAR	REF. CATASTRAL	D.N.I.	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	SITUACIÓN BÁSICA DO SOLO	DESTINO	SUP. TOTAL (m2)	SUP. AFECTADA (m2)	
								PLENO DOMINIO	
1	BIENES INMUEBLES CORPORATIVOS ATALANTICOS 2008 S.L.	15019A001001020000IF	*7019****	SOLO RÚSTICO	RURAL	LABRADIO	2.623,00	2.498,00	
3	BIENES INMUEBLES CORPORATIVOS ATALANTICOS 2008 S.L.	3935501NH2833S0000AA	*7019****	SOLO RÚSTICO	RURAL	LABRADIO	31.296,00	1.356,00	

Sexto.- Notificar a relación de bens e dereitos afectados individualmente ás persoas que aparezan como titulares de bens ou dereitos no expediente, para que poidan formular alegacións no prazo de 20 días, a contar do seguinte á data de notificación.

Sétimo.- Requirir aos interesados titulares de bens e dereitos afectados para que acheguen os títulos que os acrediten como propietarios das mesmas. Advertindo que a publicación deste acordo producirá tamén os efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7.- BONIFICACIÓN DA COTA DO ICIO, IBIU E IAE POR FOMENTO DE EMPREGO. CONSTRUCCIÓN DE NAVE INDUSTRIAL NA RÚA GRANITO, PARCELA C4 DO PARQUE EMPRESARIAL DE BÉRTOA. CONCESIÓN. (CIFECRIC DO 25/10/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa ordinaria de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación (CIFECRIC) de 25/10/2022, punto 5 da orde do día, relativo á proposta da Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior do 19/10/2022, contida no expediente 2022/X999/001015.

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes **(20)**, polo grupo municipal do BNG (12), María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (3), Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PsdG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

Primeiro.- Conceder, baixo condición resolutoria do posterior cumprimento dos requisitos previstos no art. 11 da Ordenanza Fiscal nº 4 do Concello de Carballo, a bonificación prevista no art. 11.1.1.A.1 da dita norma, sobre a cota tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, a por D. Benigno Rama Villar, con NIF 32.814.211-L, referida á construción dunha nave industrial, sita na R/Granito, parcela C4 do parque empresarial de Bértoa, con referencia catastral5882603NH2858S0001ZD, para destinala a almacén de empresa construtora, cun orzamento de execución declarado de 128.190,35 €.

Deste xeito, a liquidación que correspondería realizar, chegado o momento de aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, de se manter os requisitos declarados, sería o que resultase da previa aplicación da porcentaxe de bonificación seguinte:

100.000,01 a 150.000 €: 2 puntos.

Contratación de 2 traballadores: 6 puntos.

Total: 8 puntos.

Bonificación aplicable: 80 % da cota tributaria, no caso de que, rematada a obra, se verifique a veracidade do orzamento declarado no proxecto

Segundo.- Conceder, dacordo ao previsto no art. 16bis da Ordenanza Fiscal nº 1 do Concello de Carballo, reguladora do Imposto sobre bens inmobles, a bonificación do 80 % na cota do imposto, relativa ao inmovible obxecto das obras que son bonificadas no ICIO, durante os tres exercicios seguintes ao do inicio da actividade, condicionada ao cumprimento dos requisitos previstos na Ordenanza.

Terceiro.- Conceder, dacordo ao previsto no art. 5 da Ordenanza Fiscal nº 2 deste Concello, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, a bonificación do 80 % na cota do imposto, se non resultase exenta pola aplicación das regras propias do tributo, durante os tres exercicios seguintes ao momento do inicio da actividade, referida ao local obxecto das obras bonificadas no ICIO, e suxeito á verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na Ordenanza.

Cuarto.- Notifíquese este acordo aos Servizos Económicos do Concello, e ao interesado.

8.- BONIFICACIÓN DA COTA DO ICIO, IBIU E IAE POR FOMENTO DE EMPREGO. ACONDICIONAMENTO DUN LOCAL NA RÚA ROSALÍA DE CASTRO N.º 10. CONCESIÓN. (CIFECRIC DO 25/10/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa ordinaria de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación (CIFECRIC) de 25/10/2022, punto 6 da orde do día, relativo á proposta da Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior do 19/10/2022, contida no expediente 2022/X999/001014.

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (**20**), polo grupo municipal do BNG (12), María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^ª Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (3), Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PSDG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

Primeiro.- Conceder, baixo condición resolutoria do posterior cumprimento dos requisitos previstos no art. 11 da Ordenanza Fiscal nº 4 do Concello de Carballo, a bonificación prevista no art. 11.1.1.A.1 da dita norma, sobre a cota tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, a D. Borja Bello Blanco, con NIF 47.375.929-T, referida ao acondicionamento dun local sito na R/Rosalía de Castro, 10, baixo, con referencia catastral 5448343NH2854N0003QI, para destinalo a actividade de obradoiro de licores artesáns, cun orzamento de execución comprobado pola Área de Urbanismo de 16.493,07 €.

Deste xeito, a liquidación que correspondería realizar, chegado o momento de aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, de se manter os requisitos declarados, sería o que resultase da previa aplicación da porcentaxe de bonificación seguinte:

Ata 100.000 €: 1 punto.

Contratación de 1 traballador: 4 puntos.

Total: 5 puntos.

Bonificación aplicable: 50 % da cota tributaria, no caso de que, rematada a obra, se verifique a veracidade do orzamento declarado no proxecto

Segundo.- Conceder, dacordo ao previsto no art. 16bis da Ordenanza Fiscal nº 1 do Concello de Carballo, reguladora do Imposto sobre bens inmobles, a bonificación do 50 % na cota do imposto, relativa ao inmovible obxecto das obras que son bonificadas no ICIO, durante os tres exercicios seguintes ao do inicio da actividade, condicionada ao cumprimento dos requisitos previstos na Ordenanza.

Terceiro.- Conceder, dacordo ao previsto no art. 5 da Ordenanza Fiscal nº 2 deste Concello, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, a bonificación do 50 % na cota do imposto, se non resultase exenta pola aplicación das regras propias do tributo, durante os tres exercicios seguintes ao momento do inicio da actividade, referida ao local obxecto das obras bonificadas no ICIO, e suxeito á verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na Ordenanza.

Cuarto.- Notifíquese este acordo aos Servizos Económicos do Concello, e ao interesado.

9.- COMPATIBILIDADE SOLICITADA POLO PROFESOR DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CARBALLO, ENSINANZA DE HARMONÍA, ANÁLISE, FUNDAMENTOS DA COMPOSICIÓN E GAITA. INFORME FAVORABLE. (CIFECRIC DO 25/10/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa ordinaria de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación (CIFECRIC) de 25/10/2022, punto 7 da orde do día, relativo á proposta da Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior e da Técnica de Persoal de 17/10/2022, contida no expediente 2022/E007/000063.

Andrés Eirís Barca (TEGA) toma a palabra para sinalar que debería poñerse fin ao persoal laboral temporal.

María Belén Lendoiro Esmorís(BNG) sinala que este persoal figura na estabilización .

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (**20**), polo grupo municipal do BNG (12), María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (3), Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PSdG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

Primeiro.- Informar favorablemente a compatibilidade solicitada o 31/08/2022 perante a Consellería de Facenda e Administración Pública por **D. Mario Seoane Blanco**, con CIF núm. 32644733M.

O Sr. Seoane Blanco é contratado laboral deste Concello para obra ou servizo determinado, a tempo parcial, como profesor de harmonía, análise, fundamentos da composición e gaita no Conservatorio Profesional de Música deste concello de Carballo.

O informe favorable da compatibilidade solicitada o 06/09/2022 é para o desempeño no sector público na esfera docente, como posto de traballo principal o de catedrático de música e artes escénicas (denominación do posto de traballo: catedrático de composición) co carácter de funcionario no Conservatorio Superior de Música da Coruña, e sempre que se respecten os límites retributivos establecidos no art. 7 da Lei 53/1984, de 26 de decembro.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao interesado, á Dirección Xeral da Función Pública (Consellería de Facenda e Administración Pública), a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e ó Conservatorio Superior de Música da Coruña.

10.- COMPATIBILIDADE SOLICITADA POLA PROFESORA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CARBALLO, ENSINANZA DE PERCUSIÓN. INFORME FAVORABLE. (CIFECRIC DO 25/10/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa ordinaria de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación (CIFECRIC) de 25/10/2022, punto 8 da orde do día, relativo á proposta da Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior e da Técnica de Persoal do 19/10/2022, contida no expediente 2022/E007/000062.

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (**20**), polo grupo municipal do BNG (12), María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^{ra} Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (3), Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PSdG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

Primeiro.- Informar favorablemente a compatibilidade solicitada o 6/09/2022 perante a Consellería de Facenda e Administración Pública por **D^a. Isabel Diego Calviño**, con DNI núm. 47356646Z.

A Sra. Diego Calviño é contratada laboral deste Concello para obra ou servizo determinado, a tempo parcial, como profesora de trombón no Conservatorio Profesional de Música deste concello de Carballo.

O informe favorable da compatibilidade solicitada o 06/09/2022 é para o desempeño no sector público na esfera docente, como posto de traballo principal o de profesora de Música e Artes Escénicas, especialidade Percusión como profesora no Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes de Lugo, e sempre que se respecten os límites retributivos establecidos no art. 7 da Lei 53/1984, de 26 de decembro.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á interesada, á Dirección Xeral da Función Pública (Consellería de Facenda e Administración Pública), a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e ó Conservatorio Profesional de música Xoán Montes de Lugo.

11.- COMPATIBILIDADE SOLICITADA POLO PROFESOR DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CARBALLO, ENSINANZA DE TROMBÓN. INFORME FAVORABLE. (CIFECRIC DO 25/10/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa ordinaria de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación (CIFECRIC) de 25/10/2022, punto 9 da orde do día, relativo á proposta da Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior e da Técnica de Persoal do 19/10/2022, contida no expediente 2022/E007/000063.

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (**20**), polo grupo municipal do BNG (12), María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^{ra} Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (3), Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PSdG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

Primeiro.- Informar favorablemente a compatibilidade solicitada o 31/08/2022 perante a Consellería de Facenda e Administración Pública por **D. Arturo Centelles Fabado**, con DNI núm. 33406004E.

O Sr. Centelles Fabado é contratado laboral deste Concello para obra ou servizo determinado, a tempo parcial, como profesor de trombón no Conservatorio Profesional de Música deste concello de

Carballo.

O informe favorable da compatibilidade solicitada o 06/09/2022 é para o desempeño no sector público na esfera docente, como posto de traballo principal o de profesor de Música e artes escéncias, especialidade Trombón con carácter de funcionario no Conservatorio Superior de Música da Coruña, e sempre que se respecten os límites retributivos establecidos no art. 7 da Lei 53/1984, de 26 de decembro.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao interesado, á Dirección Xeral da Función Pública (Consellería de Facenda e Administración Pública), a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e ó Conservatorio Superior de Música da Coruña.

12.- COMPATIBILIDADE SOLICITADA POLO PROFESOR DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CARBALLO, ENSINANZA DE CLARINETE. AUTORIZACIÓN. (CIFECRIC DO 25/10/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa ordinaria de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación (CIFECRIC) de 25/10/2022, punto 10 da orde do día, relativo á proposta da Técnico de Persoal do 19/10/2022 e da Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior do 20/10/2022, contida no expediente 2022/E007/000065.

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (**20**), polo grupo municipal do BNG (12), María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^{ra} Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (3), Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PSDG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

Primeiro.- Recoñecer a compatibilidade solicitada, mediante escrito do 27/09/2022 e rexistro de entrada núm. 202299900004026, por D. **Rafael Espido Lata**, con DNI núm. 46901651M, profesor do Conservatorio Profesional de música de Carballo a tempo parcial na especialidade de clarinete, para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado. A compatibilidade recoñécese para o seguinte posto:

- Entidade: La Malona, creative tank.
- Tipo de contrato: 300 (tempo parcial).
- Xornada de traballo e horario: **xoves** de 16:00 a 18:00 h e **venres** de 16:00 a 19:00 h.
- Categoría profesional: profesor, na especialidade de clarinete.
- Nº de horas semanais: 5 horas.
- Tarefas a desempeñar: Impartir clases como profesor na especialidade de clarinete.

Segundo.- Esta autorización para o exercicio de actividade privada non poderá modificar a xornada laboral actual desenvolvida como profesor do Conservatorio Profesional de música de Carballo na especialidade de clarinete (en réxime de prestación de servizos a tempo parcial), ou a xornada e horarios que puidera establecérselle no futuro.

A xornada realizada polo traballador municipal na actividade privada debe respectar o límite establecido no artigo 12 da lei 53/1984 (non superar a metade da xornada semanal ordinaria de traballo na Administración).

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao interesado.

13.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, REXISTRO DE ENTRADA N.º 202290000006097 DO 13 DE OUTUBRO, SOBRE GRAVAMES DE CARÁCTER TEMPORAL A ENTIDADES BANCARIAS E ENERXÉTICAS. APROBACIÓN. (CIFECRIC DO 25/10/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa ordinaria de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación (CIFECRIC) de 25/10/2022, punto 11 da orde do día, relativo á moción presentada polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000006097 do 13 de outubro, sobre gravames de carácter temporal a entidades bancarias e enerxéticas., cúa parte expositiva se transcribe:

Os poderes públicos non poden obviar o carácter social do noso Estado e, por iso, responden aos problemas que se están aumentando respecto á subida de prezos en determinados bens e servizos básicos para a cidadanía por mor da guerra en Ucraína e outros factores exógenos.

Como resposta eficaz, eficiente e contundente o coñecido como “pacto de rendas” é un instrumento fundamental para paliar as consecuencias da inflación como principal ameaza europea e española. Estas consecuencias deben ser repartidas equitativamente. Ademais das medidas adoptadas polo Goberno sobre o transporte, a revalorización das pensións e a bonificación sobre o prezo dos carburantes, os grupos do Executivo formularon unha proposta sobre a imposición ás enerxéticas e ás entidades bancarias que recadará aproximadamente 3.500 millóns de euros para repartir entre fogares e empresas vulnerables.

A proposta dos partidos do Goberno, PSOE e Unidas Podemos, de gravar de maneira extraordinaria e temporal ás entidades bancarias e ás grandes empresas enerxéticas saíu adiante no Congreso dos Deputados con 187 votos a favor, 153 en contra e 8 abstencións.

A dereita conformada polo PP, Cidadáns e Vox negouse a apoiar as medidas que axudarán a recadar uns 2.000 millóns de euros por parte do sector enerxético e uns 1.500 millóns por parte do sector bancario en dous anos. Mesmo se negaron a debatelas no Congreso dos Deputados. Estes partidos repudiaron as propostas e negaron o debate defendendo así ás enerxéticas e elites empresariais.

Á vez que as entidades bancarias ven incrementados os seus beneficios grazas ás medidas adoptadas polo Banco Central Europeo coa subida dos tipos de interese, este Goberno propúxose que parte deses beneficios bancarios sexan destinados aos fogares e ás empresas vulnerables. Desta maneira, os bancos axudarán a mitigar os efectos da inflación que ameazan a estabilidade no noso país.

Pola súa banda, as empresas enerxéticas contan na actualidade con beneficios extraordinarios por mor da situación bélica pola que atravesan países exportadores de enerxía e a expensas dos consumidores.

A Presidenta da Comisión Europea, Ursula Von der Leyen, (pertencente ao Partido Popular Europeo) declarou que “os beneficios deben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesitan”.

Desde o PSdeG-PSOE, recoñécese a necesidade inminente de defender, auxiliar e apoiar á cidadanía.

María Carmen Vila Blanco (PSOE) sinala que é unha cuestión de xustiza social, as entidades bancarias e empresas enerxéticas teñen uns beneficios extraordinarios e xa é tempo de que axuden a poboación aproveitando que no 2008 foi esta a que os axudou.

Andrés Eirís Barca (TEGA) mostra o seu acordo e incluso poderíase ir máis aló por prácticas fraudulentas destas entidades.

Rubén Lorenzo Gómez (PP) afirma que está en contra da iniciativa de PSOE/PODEMOS que saíu adiante no Congreso, e que é competente o Congreso dos Deputados: Conclúe que non está a favor dos impostos que pouco van axudar.

Xosé Regueira Varela (BNG) sinala que está totalmente de acordo, sinala que ae van recadar mil millóns de euros, pero que a cidadanía lle deu á banca cen mil millóns....polo que só é un parche e non entende que haxa grupos en desacordo con isto.

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal con dezasete (**17**) votos a favor, dos representantes do grupo municipal do BNG (12), María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Coteló, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PSdeG-PSOE (3) María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo; polo grupo municipal de TEGA (2) José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, e tres (**3**) en contra, polo grupo municipal do PP, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela, acorda:

Respaldar a aprobación do establecemento de gravames en España e a Unión Europea de carácter temporal enerxético e de entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito, cuxos beneficios de- ben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesitan.

14.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, REXISTRO DE ENTRADA N.º 20229000006052 DO 11 DE OUTUBRO, PARA A ADAPTACIÓN DE PASOS DE PEÓNS PARA PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA. APROBACIÓN. (CIBPS DO 25/10/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social (CIBPS) do 25/10/2022, punto 3 da orde do día, relativo á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 20229000006052 do 11 de outubro, para a adaptación de pasos de peóns para persoas con trastorno do espectro autista, cuxa parte expositiva se transcribe:

Primeiro.- Os Trastornos do Espectro Autista (TEA), defínense como unha disfunción neurolóxica crónica con forte base xenética que, dende idades temperás, maniféstase nunha serie de síntomas relacionados coa interacción social, a comunicación e a falta de flexibilidade no razoamento e os comportamentos. A pesar das clasificacións, ningunha persoa que presenta un TEA é igual a outra en canto ás características observables.

En tódolos casos, preséntanse manifestacións clínicas en varios aspectos nas seguintes áreas: interacción social, comunicación e repertorio restrinxido de intereses e comportamentos. As manifestacións do trastorno adoitan poñerse de manifesto nos primeiros anos de vida e variarán en función do desenvolvemento e a idade cronolóxica dos nenos.

Acéptase que «o autismo é o trastorno máis xenético das síndromes neuropsiquiátricas»

Segundo.- A accesibilidade universal axuda a que tódalas persoas comprendan, utilicen, participen e gocen das contornas con autonomía e comodidade.

Existen tres tipos dentro da accesibilidade universal:

- **Accesibilidade física.** As contornas que son accesibles de forma física permiten que as persoas con diferentes necesidades de mobilidade poidan utilizalas.
- **Accesibilidade sensorial.** As que son accesibles de forma sensorial permiten que as persoas con diferentes necesidades de visión ou audición poidan utilizalas.
- **Accesibilidade cognitiva.** As de forma cognitiva permiten que as persoas con diferentes necesidades de comprensión poidan utilizalas. A accesibilidade cognitiva contempla as características e capacidades das persoas con TEA e axúdalles a comprender, utilizar, participar e gozar das mesmas con autonomía e comodidade.

A accesibilidade cognitiva permite orientarse con facilidade polas contornas, entender a información destas, comunicarse e relacionarse con outras persoas. En definitiva, axuda a tódalas persoas.

A accesibilidade cognitiva beneficia de forma especial ás persoas con dificultade para comprendelas contornas, como ás persoas con TEA.

Outras persoas con dificultades de comprensión poden ser:

As de discapacidade intelectual.

- **As maiores.**

As que non saben ler e escribir.

- **As que non dominan os idiomas, por ser doutros países.**

Unha contorna é accesible de forma cognitiva cando todas as persoas poden comprendelo e utilízalo de forma sinxela.

Terceiro.- Os sistemas de sinalización serven para que tódalas persoas saiban que facer en cada contorna, e estes teñen que ser claros e sinxelos. Os sinais deben cumprir varias funcións, algunhas delas:

- Favorecer o desprazamento seguro e autónomo
- Apoiar a localización no espazo e o tempo,
- Facilitar a realización das accións previstas en cada contorna.

Nunha contorna con sistemas de sinalización para todas as persoas, as de TEA poden:

- Comprendera información das imaxes, pictogramas, avisos e anuncios,
- Seguir direccións ou indicacións,
- Desprazarse con autonomía e seguridade,
- Saber que se espera en cada lugar.

Cuarto.- Para que estes sinais sexan máis claros, dende hai uns anos en diferentes cidades españolas, apostouse por unha adaptación dos pasos de peóns. Para que esta adaptación sexa rigorosa, creouse a asociación sen ánimo de lucro TEAVIAL, formada por especialistas dos diferentes ámbitos da educación, terapeutas e axentes viarios.

Esta asociación conta co «Proxecto TEAVIAL: unha contorna de accesibilidade cognitiva». Traballan cos concellos na súa implantación, controlando que a adaptación sexa a idónea, asegurándose de que todas as sinais sexan as mesmas en tódalas cidades interesadas (para evitar confusións) e, tamén, ocúpense da elaboración dunha guía didáctica que explique a súa funcionalidade.

Para a realización deste proxecto, TEAVIAL pide a firma dun convenio de colaboración, sen custo algún, co concello interesado, no que:

- Se recoñeza a TEAVIAL como autores da secuencia dos pictogramas.
- Se permita a algúns membros de TEAVIAL estar presentes o día da pintada da secuencia para fotografar o momento co fin de difundir e estendelo proxecto.

- O Concello aboe os gastos de pintar os pictogramas (ao redor de 252€, IVE incluído).
- O Concello se comprometa á pintura e ó mantemento dos pictogramas.

Quinto.- O Grupo Municipal Socialista considera que a Administración Local debe promover a inclusión e participación social de tódolos veciños e tódalas veciñas. Por iso, é de gran interese adoptar, promover e desenvolver as medidas necesarias para favorecer a inclusión das persoas con Trastorno do Espectro Autista, de todas aquelas con diversidade funcional, así como das persoas maiores e nenos e nenas que puidesen prestar menos atención á hora de cruzalas rúas. Deste xeito, avanzaremos cara á consecución dunha sociedade que respecte a diversidade,

e dea resposta ás necesidades dos diferentes colectivos, favorecendo o exercicio pleno dos dereitos da cidadanía, e garantindo a súa calidade de vida en igualdade de oportunidades.

O desenvolvemento desta moción vincúlase coa consecución do ODS 11, «*Cidades e comunidades sostibles*», no que o obxectivo é «*lograr que as cidades sexan máis inclusivas, seguras, resilientes e sostibles*».

Valentín Costa Trillo (PSOE) sinala que non se trata de pedir a instalación en todos os pasos senón nos necesarios.

Rubén Lorenzo Gómez (PP) mostra o seu voto favorable.

Juan Manuel Seoane Collazo (BNG) matiza que existen discrepancias nesa secuencia de pictogramas en asociacións e que a Federación de Autismo de España; afirma que non hai que colocalas polo que se mostra partidario do primeiro punto e seguir indagando cal é o mellor sistema. Polo grupo municipal do BNG, formulan, *in voce*, unha emenda na que indican que se se elimina o punto segundo da parte resolutiva, votarán a favor da moción presentada.

Valentín Costa Trillo (PSOE) sinala que a única iniciativa avalada pola DGT é a TEAVIAL e que esta foi aprobada por unanimidade en todos os concellos.

Juan Manuel Seoane Collazo (BNG) insiste en buscar un sistema universal. Deseguido xérase debate sobre os distintos sistemas e a súa posible implantación. Conclúe o alcalde que o mellor é conseguir unha información máis completa e despois decidir, non limitarse a unha fórmula pechada.

Sometido o asunto a votación coa emenda proposta, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (**20**), polo grupo municipal do BNG (12), María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (3), Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PsdG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

Primeiro.- O Concello de Carballo acorda iniciar os trámites oportunos para favorecer a accesibilidade cognitiva coa adaptación dos pasos de peóns para as persoas con TEA.

15.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, REXISTRO DE ENTRADA 202299900004389 DE 19 DE OUTUBRO, EN RELACIÓN Á OCUPACIÓN DE VIVENDAS (CIBPS DO 25/10/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 25/10/2022, punto 4 da orde do día, relativo á moción presentada polo grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900004389 de 19 de outubro, en relación á ocupación de vivendas, cúa parte expositiva se transcribe:

Nos últimos anos, aumentou o fenómeno da ocupación ilegal de vivendas por parte das mafias en España, ao igual que continuou o incremento das denuncias por violación ou ocupación a domicilios, segundo datos do Ministerio do Interior. Galicia tampouco é allea a ese fenómeno. Os medios de comunicación facíanse eco recentemente dun informe da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias, que cifraba en 600 vivendas as ocupadas en Galicia, cun incremento do 15,3 % respecto do ano anterior, concluíndo que a usurpación e violación de vivendas constitúe un grave problema social.

A vivenda protéxese no ordenamento xurídico español para evitar a ocupación («okupación», como popularmente se coñece a estas accións ilegais), tanto desde a perspectiva penal como civil e administrativa. A ocupación, en efecto, é a tenencia ou posesión dun ben de maneira ilexítima e ilegal, en contra da vontade do propietario ou posuidor con título ou dereito.

O Código Penal contén, en primeiro lugar, o delito de usurpación no artigo 245 CP, como medida evidentemente desalentadora do movemento da denominada ocupación (en palabras da Sentenza do Tribunal Supremo 720/2018, de 13 de decembro de 2018)

Esta resolución tamén indica que «concorrendo espazos de protección superpostos» a vivenda protéxese na vía civil «a través dos procesos “sumarios” de protección do dereito real inscrito (art. 250.1.7 LAC en relación co artigo 41 LH), interditais (art. 250.1.4 LAC en relación co 446 CC) ou do desafuzamento por precario (con forza de cousa xulgada, e por ilo con plenitude de coñecemento e medios probatorios, relativo ao ámbito posesorio de cuxa recuperación se trata), con fundamento no dereito á posesión real do titular, coas consecuentes facultades de exclusión e de recuperación posesoria, derivados do CC e da LAC (sen que poida opoñerse a posesión clandestina e sen coñecemento do posuidor real que, conforme ao art. 444 CC non afectan á posesión)»

A defensa contra actos que perturben a posesión dun inmovible destinado a vivenda que se contén no mencionado artigo 250.1.40 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, foi modificado pola Lei 5/2018, do 11 de xuño, con resultados moi positivos en canto ao acurtamento de prazos e axilización de procedementos, cun tratamento especial do xuízo verbal para o exercicio do interdicto de recobrar a posesión, permitindo pedir a inmediata recuperación da plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se vira privada dela sen o seu consentimento a persoa física que sexa propietario ou posuidor lexítimo por outro título e as entidades sen ánimo de lucro con dereito a posuír a vivenda e as entidades públicas propietarias ou posuidoras lexítimas de vivenda social.

En terceiro lugar, a vivenda protéxese administrativamente a través da Lei Orgánica de Seguridade Cidadá na que se recolle como infracción leve no artigo 37 do seu texto a ocupación de calquera inmovible, vivenda ou edificio alleo, ou a permanencia neles, en ambos os casos contra a vontade do seu propietario, arrendatario ou titular doutro dereito sobre o mesmo, cando non sexan constitutivas de infracción penal.

As tres vías xurídicas redundan na protección do dereito a vivenda (que é un principio reitor do artigo 47 CE) e o dereito á propiedade privada sen esquecer a función social determinada legalmente desta (que é un verdadeiro dereito contido no artigo 33 CE, no Capítulo Segundo do Título Primeiro, referente aos dereitos e liberdades, que se sitúa entre os «dereitos e deberes dos cidadáns» da Sección 2.a).

Pero ademais das medidas legais xa existentes para combater esta forma de delincuencia e salvagardar a propiedade ou a posesión lexítima e pacífica, o ordenamento xurídico debe ser adaptado e mellorado para permitir unha protección efectiva dos titulares de dereitos e, ademais, ha de ter en conta un ben xurídico a protexer que ata o de agora non tivo a debida consideración: a convivencia veciñal pacífica e respectuosa en aras da seguridade das persoas e as cousas. Trátase de situacións, moi comúns, en que a ocupación dunha vivenda de maneira ilegal e en contra do titular da mesma prodúcese por tanto unha alteración da convivencia veciñal, é dicir, non se entende unicamente perturbado o dereito do propietario ou posuidor lexítimo, cuxa defensa xa contempla o ordenamento xurídico, senón que se provoca unha inseguridade dos veciños da comunidade de propietarios na que se instalan os ocupantes ilegais. Ás veces pola ruptura das normas de réxime interno de convivencia, por realizar actuacións prohibidas, nocivas, insalubres ou en xeral vedadas ao resto de veciños que sí conviven con títulos xurídicos. As duras consecuencias non só para a propiedade, senón para a seguridade que ten a

ocupación nas súas diversas formas, aconsellan un reforzo das medidas actualmente existentes no ordenamento xurídico, tanto a nivel penal como administrativo e civil. A iso únese un ámbito, o da Comunidade de Propietarios, que sendo civil, quedou ata o de agora sen mención xurídica.

En definitiva, trátase de asegurar o desaloxo inmediato da vivenda ocupada no caso de que a situación sexa de flagrante delito, e no caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía; a recuperación do delito de usurpación de bens inmobles con penas de entre 3 e 5 anos para que se poidan tomar medidas cautelares; así como a imposibilidade de que se poidan empadroar e ter acceso a determinados beneficios e de endurecer as penas no caso de que se trate de mafias organizadas.

Así como deslindar con claridade as situacións de vulnerabilidade ou exclusión social por motivo de vivenda e de protección ás familias en situación de emerxencia social, co fenómeno da ocupación ilegal a que esta iniciativa responde. A un okupa non se lle desafiuzo, desalóxase, e ao vulnerable protéxese, sen que o Estado traslade á cidadanía as súas propias responsabilidades en ningún de estes dous casos.

Rubén Lorenzo Gómez (PP) dá lectura á moción e engade que aínda que en Carballo non hai un problema de ocupación si afecta negativamente esa situación de inseguridade xurídica, redúcese a oferta e, en consecuencia, soben os prezos, tendo Carballo un importante número de vivendas baldeiras.

Andrés Eirís Barca (TEGA) toma a palabra para sinalar que no fondo está de acordo pero que non entende o punto quinto.

María Carmen Vila Blanco (PSOE) móstrase en contra e puntualiza que é preciso que se trate dun inmovible que non constituía morada senón en 72 horas estaría recuperado. Engade que xa houbo unha modificación no ano 2010 , que os xulgados son os que son e habería que dotalos de máis medios. Deseguido sinala que o punto terceiro pode dar lugar a que non guste o inquilino por motivos, por exemplo, raciais ou outros e non se poida defender ante a comunidade. Critica así mesmo o punto quinto e pregunta que ten que ver a Lei de arrendamentos urbanos coa ocupación.

Xosé Regueira Varela (BNG) lembra a denominada “Lei Beckham” para atraer talento ...e aquí semella que se quere botar o que non dá pagado a fin de mes. Dá conta de que en Galicia non chega ao 1% as vivendas de particulares ocupadas que o 90% son propiedade dos bancos e pregunta onde está o interese dese problema. Engade que desgravar os multipropietarios xa é “un cachondeo”

Rubén Lorenzo Gómez (PP) sinala que hai quen non quere ver o problema... e que non entende que se diga que se recupera en 24 horas si é morada cando os datos dos medios e a preocupación da cidadanía mostran outra cousa. Destaca que non pode ser máis “barato” ocupar unha vivenda que roubar un móbil e que hai mafias que se lucran con este tipo de delitos.

María Carmen Vila Blanco (PSOE) insiste en aclarar que na segunda, terceira e cuarta residencia é inmediato, pero unha vez chegan as 72 horas hai que ir por outra vía e se leva dun mes a dous hai que ir polas canles legais.

Xosé Regueira Varela (BNG) reafirma que o noventa e pico é propiedade dos bancos e dá conta da opinión dun xuíz que sinala” non hai interese en botalo, porque se o hai, o desaloxo é inmediato”.

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal con doce **(12)** votos en contra da moción, dos representantes do grupo municipal do BNG, María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^ª Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; cinco **(5)** abstencións, dos representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE (3) María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando

Varela Novo e TEGA (2) José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, e tres **(3)** votos a favor, dos representantes do grupo municipal do PP, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela, o pleno acorda rexeitar a moción presentada polo grupo municipal do PP, sobre a ocupación de vivendas.

16.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, REXISTRO DE ENTRADA 202299900004390 DE 19 DE OUTUBRO, CONTRA O VETO DA UNIÓN EUROPEA Á PESCA DE FONDO. APROBACIÓN. (CIBPS DO 25/10/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social (CIBPS) do 25/10/2022, punto 5 da orde do día, relativo á moción presentada polo grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900004390 de 19 de outubro contra o veto da Unión Europea á pesca de fondo, cuxa parte expositiva se transcribe:

Rubén Lorenzo Gómez, voceiro do PP le e defende o contido da moción.

Dáse lectura á emenda presentada polo grupo municipal do BNG, na que solicita engadir os seguintes puntos

3. Instar a Xunta de Galicia a convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas de Atlántico nororiental, decretada pola Comisión Europea.

4.- Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea.

5.- Instar ao goberno español a esixir no inmediato a suspensión da entrada en vigor do regulamento.

Respecto á mesma Rubén Lorenzo Gómez, voceiro do PP afirma que está de acordo cos puntos 3º e 5º non así co cuarto porque é o Estado quen ten que interpoñer o recurso independentemente de que a Xunta apoie todo o preciso.

Andrés Eirís Barca (TEGA) sinala que apoiarán a moción e a emenda e que lle fai graza a actitude do PP que define como: "consejos vendo que para mi no tengo".

María Carmen Vila Blanco (PSOE) destaca o traballo sobre o tema que tamén lle consta se está a facer xunto as comunidades autónomas Galicia e Andalucía con portos moi afectados como Burela. Non entende que non se apoie o punto cuarto.

Xosé Regueira Varela (BNG) mostra o seu acordo, resalta que se trata dun sector fundamental para a economía galega e que semella que a comisión non entende.

Rubén Lorenzo Gómez, voceiro do PP, remata agradecendo o apoio e dando conta de que a Xunta está colaborando dende o primeiro momento.

O 19 de setembro asistíamos con asombro á publicación no Diario Oficial da UE do *REGLAMENTO DE EJECUCIÓN (UE) 2022/1614 DE LA COMISIÓN de 15 de septiembre de 2022 por el que se determinan las zonas de pesca en aguas profundas existentes y se establece una lista de zonas en las que se conoce la existencia de ecosistemas marinos vulnerables o la posibilidad de que existan*, que entrará en vigor en 20 días.

Exp. 2022/G010/000010

Esta decisión unilateral foi tomada sen ter falado cos Estados nin co sector. Así, a directora xeral Asuntos Marítimos e Pesca (DG Mare) da Comisión Europea na súa visita a Galicia do pasado mes de xullo comprometérase a revisar a medida con máis datos e informes, cousa que non fixo.

É totalmente indignante e un despropósito que Bruxelas vete a pesca de fondo atendendo unicamente aos aspectos medioambientais e non aos científicos nin socioeconómicos.

Só en Galicia, esta prohibición afecta a arredor de 200 barcos de capital galego de xeito directo e o seu impacto potencial podería chegar a un milleiro de buques, ben polo solapamento de zonas de pesca ou pola futura ampliación desta prohibición.

Sempre defendemos que todas as artes de pesca son respectuosas co medio ambiente se se usan ben. Medidas coma esta, arbitrarias e sen base científica, poñen en risco o futuro da frota e poden supoñer unha importante perda de buques, empregos e alimentos de calidade.

O 20 de setembro o Goberno Galego mantiña unha reunión co sector e con xuristas expertos para analizar o posible recurso e ver o xeito máis efectivo de actuar contra este veto para defender os intereses da frota.

Así, o Goberno galego urxe a construír unha posición sólida a nivel nacional contra o veto á pesca de fondo e compromete o seu apoio aos distintos recursos xudiciais que se presenten.

É fundamental unha resposta xudicial estatal dado que se trata dun asunto que prexudica tamén a outras comunidades, non só a Galicia.

Esta cuestión foi trasladada polo presidente da Xunta ao Executivo do Estado e foi exposta o 21 de setembro na reunión co sector e a Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Sometida a votación a emenda, o Pleno municipal acorda eliminar o apartado cuarto da emenda, e aceptar os puntos terceiro e quinto

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (**20**), polo grupo municipal do BNG, María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PSdG-PSOE María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA, José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

O Concello de Carballo acorda dirixirse á Xunta de Galicia co obxecto de que:

Primeiro.- Apoie tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar á pesca de fondo, como todas aquelas medidas legais que adopten as empresas armadoras pola súa conta.

Segundo.- Reitere ao Goberno de España a urxente necesidade de solicitar da Comisión Europea que rectifique e anule o novo Regulamento UE 2022/1614 da Comisión, de 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas fondas e se establece unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor a comezos de outubro deste ano.

Terceiro.- Instar a Xunta de Galicia a convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) ante o grave golpe que supón a

prohibición da pesca de fondo en 87 áreas de Atlántico nororiental, decretada pola Comisión Europea.

Cuarto.- Instar ao goberno español a esixir no inmediato a suspensión da entrada en vigor do regulamento.

17.- SEGUIMIENTO DE ÓRGANOS DE GOBERNO:

17.1.- Comparecencia presentada pola representante das traballadoras dos centros do Consorcio que desenvolven o seu labor no concello de Carballo, solicitada con rexistro de entrada n.º 202299900004300 do 13 de outubro.

Ao ser facilitada por escrito a intervención arriba indicada, transcríbese integramente:

Boa noite, moitas grazas por darnos voz neste pleno. Eu son Ana Suárez, traballo nunha escola infantil Galiña Azul desde hai case 15 anos e son unha das persoas afectadas pola situación actual derivada do proceso de estabilización de interinos.

No ano 2007 púxose en funcionamento o que hoxe é coñecido como Consorcio Galego de Iguadade e Benestar, cun 95% da plantilla formada por mulleres. Consorcio posto en marcha por Xunta e Concellos, entre eles o de Carballo que hoxe en día conta con dúas escolas infantís, un centro de día, unha oficina de Inclusión e o programa Xantar na Casa, recursos que financia o Concello de Carballo.

Estas mulleres traballadoras, tras 15 anos de traballo e adicación, asentaron a súa vida ao redor do lugar de traballo, tendo hoxe en día cargas familiares (fillos e fillas, persoas maiores a cargo, hipoteca, etc...)

Como todos e todas os aquí presentes saberán, unha praza de interinidade ocupada por máis de 3 anos sen ter opción a examen nin consolidación de ningún tipo, pasa a considerarse en **fraude de lei** por abuso de temporalidade, situación na que nos atopamos 1200 traballadoras do Consorcio.

A sanción para a Administración, nos casos de fraude de lei, sería a fixeza para a traballadora.

Lonxe da fixeza, estamos a un pé de quedar sen traballo.

Coa Lei 20/2021 de 28 de decembro suporíaase que nos chegaría a estabilización laboral, pero a realidade é que nos están desestabilizando.

Claro que hai que estabilizar as prazas temporais de carácter estrutural, pero tendo en conta que están ocupadas por persoas interinas en fraude de lei, que non temos culpa dos erros da Administración pública, nin temos porque sufrir as consecuencias dunha mala xestión.

Eu xa superei unha oposición no ano 2007, igual que moitas das miñas compañeiras do Consorcio.

Despois de case 15 anos, alguén me diría que non demostrei mérito e capacidade?

No borrador da convocatoria de estabilización Función Pública non puntúa a experiencia no posto no Consorcio de xeito diferenciado, tal e como sempre se fai en todas as administracións (Concellos, Deputacións, Consellería de Educación, SERGAS, outros organismos e entes públicos...)

NON QUEREMOS SER MÁIS PERO TAMPOUCO MENOS

O Consorcio é **un organismo NON INTEGRADO na Xunta**. Aínda que no DOG do 30 de Xuño de 2017 se publicou a adhesión do persoal do Consorcio ao V Convenio, a realidade é que a **ORDE DE INTEGRACIÓN DO CONSORCIO NA XUNTA A DIA DE HOXE, AÍNDA NON FOI PUBLICADA**.

Non somos Xunta, polo que o tempo traballado nos postos no Consorcio debe ser diferenciado. **NON SOMOS XUNTA. NON ESTAMOS INTEGRADAS**.

Pedimos que o ORGANO CONVOCANTE DAS PRAZAS DO CONSORCIO SEXA O PROPIO CONSORCIO E NON FUNCIÓN PÚBLICA, de xeito que o tempo traballado no posto sexa puntuado diferenciadamente, algo que sempre se fixo, fai e fará en todas as administracións, menos coas traballadoras do Consorcio.

O pasado 11 de outubro tivo lugar unha Comisión de Persoal onde Función Pública aproba o **Anteproxecto de Lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade**, que analizando polo miúdo o seu contido dá pé a falar de dubidosa legalidade nalgúns partes.

No seu artigo 6, non valoran prioritariamente a experiencia das profesionais no Consorcio para seguir ocupando a súa praza, senón que igualan a baremación desta experiencia con profesionais doutras Administracións que nunca traballaron no Consorcio. **Análogamente, sería como si para estabilizar unha praza deste Concello, se valorase o mesmo a experiencia no posto neste concello que a experiencia noutro concello ou incluso a experiencia dese posto na Deputación.**

No seu artigo 12 fala de ADXUDICACIÓN TEMPORAL DE DESTINOS CON CARÁCTER PROVISIONAL. É dicir, que despois dun concurso extraordinario deste calibre **se nos sigue condenando ás traballadoras do Consorcio, temporais dende fai 15 anos, a máis temporalidade perpetuando o abuso.**

Co plantexamento de dubidosa legalidade da Xunta de Galicia as **equipas de traballo vanse desfacer**. Equipas que montaron a rede de centros de maiores, de escolas infantís, de oficinas de inclusión, etc por toda Galicia e que levan funcionando durante 15 anos, con experiencia, mérito e capacidade sobradamente demostrada. Este demantelamento perxudica ás traballadoras, a pais, nais, nenos e nenas, maiores... a toda a comunidade.

E cando as persoas afectadas protesten o foco principal será **o Concello**.

Por estes motivos, solicitamos neste Pleno da Corporación Municipal do Concello de Carballo a adopción dos seguintes acordos:

- **Instar a que se reúna a Asamblea do Consorcio para clarificar os termos da convocatoria do proceso de estabilización extraordinario ao abeiro da Lei 20/2021, como xa fixo a FEGAMP e o Xerente do Consorcio.**
- Instar a Xunta de Galicia a que cumpra a lei e negocie de boa fe co Comité de Folga, intentando chegar a acordos sobre os motivos da mesma.
- Instar a Xunta de Galicia para que nos criterios de baremación de méritos no proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos, se puntúe prioritariamente a experiencia das profesionais nos postos de traballo específicos desenvolto no Consorcio Galego.
- Trasladar estes acordos ó Presidente da Xunta de Galicia instando a que actúe en consecuencia e resolva este grave problema con carácter inmediato.

AGRADECEMOS A ESTE PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL A APROBACIÓN DESTA MOCIÓN.

17.2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

17.1.2.- Dáse conta expresamente da seguinte resolución da alcaldía:

* Decreto número 3049/2022 de 11 de outubro

Delegación de funcións da alcaldía dende o día 3 ao día 13 de novembro, ambos incluídos

Teño previsto ausentarme do termo municipal dende o día 3 ao día 13 de novembro de 2022, ambos incluídos.

Foron vistos o artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), o artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), o artigo 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de

novembro, e a resolución desta alcaldía núm. 1658/2019 de 17 de xuño (BOP nº 117 de 21/06/2019, núm. de anuncio 2019/4889)

Á vista do anterior, e en uso das competencias legalmente atribuídas, **RESOLVO:**

Primeiro.- Designar como substituta nas funcións da Alcaldía á segunda Tenente de Alcalde e Concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación, dona Milagros Lantes Seara, dende o día 3 ao día 13 de novembro, ambos incluídos.

Segundo.- De acordo co art. 13.4 da Lei 39/2015 (LRXSP) “*Nas resolucións e actos que se dicten mediante suplencia, farase constar esta circunstancia e se especificará o titular do órgano en cuia suplencia se adoptan e quen efectivamente está exercendo esta suplencia*”.

Terceiro.- Ordear a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co previsto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Cuarto.- Notificar esta resolución á concelleira delegada.

Dar traslado ós servizos municipais para os efectos oportunos.

Dar conta deste decreto ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar consonte ao previsto na normativa vixente.

17.2.2.- O Pleno municipal queda enterado das resolucións da alcaldía ditadas entre o día 22/09/2022, número 2798 e o día 26/10/2022, número 3216

17.3.- ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Pleno municipal queda enterado dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, segundo o seguinte detalle:

Sesión	Tipo	Data
20/2022	Ordinaria	26/09/2022
21/2022	Ordinaria	10/10/2022

17.4.- ROGOS E PREGUNTAS

17.4.1.- Dáse lectura aos rogos e preguntas presentados polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, rexistro de entrada número 202290000006521 de 31 de outubro.

ROGOS

R1.-Recentemente máis da metade do cemiterio municipal quedouse sen auga por causa duns actos delituosos segundo explicou o Sr. Alcalde nos medios. Isto ocasiona un importante trastorno nas persoas de idade avanzada que acoden a diario ao lugar.

ROGO Que se emende esta deficiencia canto antes e que se valore empregar nas instalacións outros materiais que non sexan atractivos para os ladróns.

Luis María Lamas Álvarez afirma que roubaron 22 billas de bronce de auga, a primeira reposición foi en dous días, mais volveron a roubalas, custou máis atopalas pero repuxéronse tamén. Conclúe que hai que tentar evitar os roubos...

R2.- Dende hai tempo desapareceu o sinal vertical que marcaba o paso de peóns da rúa Ponte coa rúa Lugo que dá acceso ao aparcamento á horta do casino.

ROGO Que sexa reposta canto antes.
Constata que se lle dará traslado á empresa.

PREGUNTAS

P1.- No mes de setembro de 2019, fai xa máis de tres anos, aprobouse neste Pleno unha moción Socialista que pedía solicitar a adhesión ao programa Cidades Amigas da Infancia, que lidera Unicef Comité Español, e que ten como obxectivo promover a aplicación da convención sobre os dereitos do neno.

A día de hoxe non volvemos a ter notificacións respecto diso.

PREGUNTA En que situación atópase a execución de tal Moción?

María del Carmen Ures García contesta que en novembro de 2019 acudiu a varias reunións en Santiago, acordárase incoalo no 2020 ...mais no se fixo polas razóns coñecidas...Agarda que neste curso se todo segue igual comecen as asembleas.

P2.- Levamos tempo esperando pola desafectación da antiga Cámara Agraria Local. Este edificio está, cada día que pasa, máis deteriorado sendo non só un paradigma do feísmo senón tamén un perigo para os viandantes.

PREGUNTAS Hai alguna novidade respecto diso? En que estado atópase a tramitación?

O alcalde lamenta que non asistira ningún membro á xunta de voceiros porque lle dedicaron bastante tempo a esa cuestión... sinala que está no inventario de bens da Xunta de Galicia e dada a situación de ruína técnica non se pode seguir dilatando. Engade que sería preciso un acordo de cesión e proceder á demolición pois a vida útil xa está e as obras de rehabilitación non son rendibles.

17.4.2.- Dáse lectura aos rogos e preguntas presentados polo grupo municipal de TEGA, rexistro de entrada número 202299900004616 de 31 de outubro

ROGO

Nas últimas actas das xuntas de goberno local, cambiou o formato do cadro no punto de "Facturas. Aprobación e pago" onde non ven a columna de texto explicativo

Por todo elo, o grupo municipal de Terra Galega, **ROGAMOS** en aras á transparencia e para non dificultar aínda máis a laboura dos grupos da oposición se volva ao formato anterior e se añada o item de texto explicativo.

Antes

Nº entrada	Nº de dto	Data dto	Importe Total	Sit	Terceiro	Nome	Texto explicativo
------------	-----------	----------	---------------	-----	----------	------	-------------------

Agora

Nº entrada	Data	Data dto	Nº de dto	Importe	Situación	Terceiro
------------	------	----------	-----------	---------	-----------	----------

María Belén Lendoiro Esmorís sinala que, consultado os servizos económicos, trasladan que as propostas de facturas están nun programa informático no que houbo unha actualización do programa de contabilidade que dá o erro, o cal lle foi comunicado á empresa, pásalle a todos os concellos da Coruña e non é un problema de transparencia.

PREGUNTAS

P1.- Consello Deportivo Municipal do Concello de Carballo

O 26 de febreiro de 2020 celebrouse a asemblea a os efectos de proceder as eleccións para nomear so/as representantes dos diferentes colectivos do Consello Deportivo Municipal do Concello de Carballo co arreglo o establecido no seu regulamento, os alielexidos nunca foron convocados para a reunión anual do pleno de dito CDMC, **vaise convocar neste mandato algunha reunión do pleno do CDMC, ou esas eleccións so valeron para perder o tempo os que alí participaron?**

No artigo 13 do regulamento do CDMC expon que o remate de cada ano, elaboraraun informe sobre o estado do sistema deportivo no municipio que enviara, para o seu conecemento, a Corporacion Municipal, ningun dos membros de Terra Galega recibimos informe sobre o estado do sistema deportivo no municipio, **a que espera o BNG para cumprir co escrito e aprobado en dito regulamento?**

- Marcos José Trigo Facal contesta que agardan convocalo nas vindeiras semanas

P2.- Obra 04/2021 “Ampliación cemiterio municipal . Fase 1. Resolución contractual por mutuo acordo.

O proxectista desta obra foi Desarrollo de empresas el Greco SL, unha empresa de Albacete, firmada pola arquitecta Ester Ferrero, onde as partidas tenan lagunas moi importantes, **cal foi o motivo que non fixera o proxecto o autor dos dous proxectos anteriores do cemiterio se facer esta obra é unha continuación das anteriores?**

Presentaronse tres empresas a licitacion, unha delas excluiuise no sobre B, por non chegar ao umbral mínimo requerido do 50%, a adxudicataria baixou o prezo un 7,51%, edicir, 43.398,16 € + iva a 2ª empresa baixou unicamente 116,28 € + iva, en torno ao 0,02%

Presentou algún recurso a 2ª empresa en relación ao acordo entre a adxudicataria e o Concello?

O contratista presenta solicitude de resolucion por mutuo acordo pois di que lle resulta inasumibles os custos da pedra. O informe da directora da obra e director de execucion material so di que e un feito constatable o aumento de prezos na construcion e que a pedra aumentou os prezos nos 4 procesos tal cual di o contratista. Terra Galega falou con varias empresas contratistas pois nos chamou a atencion que non se presentaran a licitacion, por ser empresas do sector e con experiencia en cemiterios, a su a xustificacion foi que tinan orzamentos da partida da pedra de 250.000 €, cando no proxecto a partida era de 133.793,98 € e viron inviable presentarse pois o prezo de licitacion da obra non cubriría de largo nin os costes de execucion material...

Basouse o sr Alcalde para a resolución do acordo nun informe que unicamente di que é constatable o aumento nos prezos da construción, que é coma non dicir nada?

Sorprendeunos a casualidade que a adxudicataria da ampliacion do cemiterio, fora a unica empresa que se presentou á 2ª licitacion da obra acondicionamento de aparcamento e sinalizacion do Polígono Industrial de Bertoa, sen baixar un € do prezo de licitacion, **ía esta presentación ligada ao acordo do cemiterio, e así que non volverá quedar deserta a 2ª licitación coma lle pasou na obra do centro social de Goiáns?**

- Milagros Lantes Seara contesta que a empresa que fixo o proxecto é de Toledo, descoñece quen fixo o anterior pero entende que era apta. Wngade que a segunda empresa non presentou ningún recurso e que non é verdade o que se di dos prezos, xa que a resolución se baseou en informes técnicos. En canto ao último parágrafo ...sinala que hai cousas desagradables...que descoñece como fai o Sr Andrés Eirís Barca cando se presenta a outras licitacións pero que en Carballo se publica no perfil do contratante e que neste momento están quedando moitas obras desertas en todo o territorio nacional, polo que seguro que non será a última que quede deserta.

P3.-Inundación no pavillón Carballo Calero

O sábado, 29 de outubro o pavillón Carballo Calero inundouse, **cal foi a causa da anegación de auga? é imputable a empresa que recentemente executou a obra de substitución da cuberta e revestimento de fachadas do pavillón ou foi pola falta de limpeza dos canalóns?**



Marcos José Trigo Facal contesta que a empresa foi convocada xunto cos técnicos municipais e que se examinará e se xa que esta en garantía.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e corenta e catro minutos (22:44), a presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como secretario dou fe.